



Expediente IET: P-20-199
Proxecto: Parque eólico Cunha
Concello: Vila de Cruces (Pontevedra)
Promotor: Green Capital Power, S.L.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 11/05/2022 o Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra da Consellería de Economía, Empresa e Innovación, somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) documentación relativa ao proxecto Parque eólico Cunha.

1. Antecedentes:

Con data do 18/05/2020 o IET emitiu un informe sobre este proxecto, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria. Nese informe sinalábase que os principais impactos do proxecto derivarían do efecto sinérxico con parques próximos en funcionamento ou en tramitación, da incidencia directa sobre o miradoiro de Valiña e sobre as panorámicas do Coto da Madalena, e da potencial incidencia visual sobre a AEIP-07-27 Fervenza do Toxa - Carboeiro e sobre os núcleos de poboación situados a menos dun quilómetro. Así mesmo, se indicaban os contidos aos que debería axustarse o EIIP.

Posteriormente, con data do 21/06/2021 o IET emitiu un informe de impacto e integración paisaxística, de acordo co previsto no artigo 11.3 da Lei 7/2008. Nese informe indicábase que o contido do EIIP tiña que se axustar ao disposto no artigo 11.2d da Lei 7/2008 e 27.d do Regulamento da Lei 7/2008, e se facían unha serie de consideracións sobre distintas medidas que debería adoptar o proxecto para minimizar os impactos e acadar unha mellor integración paisaxística, sinalando a necesidade de mover o aeroxerador CU-1 debido ao impacto sobre o miradoiro da Valiña.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (RLPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.



3. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

A documentación que se somete a informe consiste nun escrito de resposta (data do 19/04/2022) ao informe do IET do 21/06/2021, xunto cun novo EIIP (data de maio 2022). Nese escrito faise referencia ás modificacións levadas a cabo no novo EIIP, as cales consisten nunha análise máis pormenorizada da visibilidade dende os miradoiros, áreas de especial interese paisaxístico (AEIP) e os núcleos de poboación próximos, na incorporación dun apartado coa xustificación do cumprimento das Directrices de paisaxe, e no desprazamento do aeroxerador CU-1 para evitar o impacto sobre o miradoiro da Valiña.

A análise de visibilidade efectuada no EIIP, para un radio de 15 km, coa nova localización da posición CU-1, conclúe que non existen diferencias significativas nas cuncas visuais do parque respecto á alternativa anterior. Non obstante, o desprazamento deste aeroxerador, 1.300 metros cara o nordés, evita o impacto crítico que se producía sobre o miradoiro da Valiña. Agás esta modificación e a do trazado dalgúns camiños internos, non se produce ningún outro cambio na configuración das instalacións do parque, polo que os seus efectos sobre a paisaxe serán os que xa se valoraron en anteriores informes.

En canto as medidas previstas no EIIP (preventivas, correctoras e compensatorias), estas últimas consistentes na implantación de barreiras visuais empregando especies autóctonas (bidueiros e carballos) nas proximidades dos núcleos de poboación, poden considerarse, en xeral, adecuadas para reducir ou mitigar os impactos sobre a paisaxe.

4. Conclusión:

O EIIP considérase completo e axustado ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

O principal impacto paisaxístico deste proxecto será a incidencia visual dos aeroxeradores, que pola súa forma e altura serán visibles desde unha ampla extensión de terreos e a longas distancias; esta incidencia perdurará durante o tempo no que estean instalados os aeroxeradores, e se verá incrementada polo efecto sinérxico derivado da presenza doutros parques eólicos na contorna. Neste caso, entre as zonas afectadas pola incidencia visual caben destacar os núcleos máis próximos, os miradoiros e as AEIP. Esta incidencia visual, aínda que non pode ser mitigada con medidas correctoras agás nos núcleos de poboación, non supón un impacto crítico.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do RLPPG, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

